

# educación secundaria

3º da ESO

1º e 2º de ESO

## HISTORIA DO FEMINISMO EN ESPAÑA

### Temporalización

A Unidade Didáctica está concebida para ser desenvolvida en 2 ou 3 sesións, onde se realizarán as actividades propostas polo profesorado, sen menoscabo de que o alumnado poida solicitar información fora do ámbito escolar se o precisase.

Reservarase a primeira sesión para o visionado do vídeo proposto, e/ou a explicación da profesora (como base o material proposto) sendo as restantes sesións utilizadas para a realización de actividades e os debates.

### Materiais

Con respecto aos recursos, serán todos de doado acceso e correrán por conta do centro: canón de vídeo, vídeo proposto, reprodutor DVD, computadores, altafalantes, sala de informática, conexión a internet na aula, así como todo o material necesario de papelería para realizar a nosa actividade.

### ACTIVIDADE

1. Iniciarase a actividade, coa explicación por parte do profesorado, os estereotipos de xénero á hora de escollermos profesión que vimos arrastrando historicamente mulleres e homes, un pouco de historia do feminismo. Para iso hai dúas opcións

Visualizar o vídeo (30 minutos): <http://goo.gl/9vkKn0>

Material de consulta do profesorado: HISTORIA DEL FEMINISMO EN ESPAÑA: <https://goo.gl/BEc7DI>

2. Organizar a aula en grupos que se pretenden paritarios, de 4 ou 6 estudantes cada un.

3. Terán que anotar as ideas que teñan sobre o feminismo, para que serven, dereito á educación, ao traballo e a revalorización excesiva da figura de nai e esposa,...

4. Búsqueda na rede ou entrega dun resumo fotocopiado (30 minutos).

5. Colocamos toda a clase en círculo e poremos en común, co resto do alumnado, as conclusións de cada grupo. (20 minutos incluíndo o debate).

6. PPasarlles listados de mulleres feministas (citamos algúns exemplos) para que analicen o tipo de actividades que desempeñaron estas mulleres e tenten facer un resumo dos datos que consideren máis importantes. Cada grupo traballa unha muller (20 minutos).

Dolors Monserdá  
Teresa Claramunt  
María de Echarri  
Concepción Arenal  
Emilia Pardo Bazán  
María Espinosa  
Benita Asas Manterola  
Clara Campoamor  
Victoria Kent

7. Rematarase a actividade na casa ou na aula de informática do Instituto, facendo un traballo (presentación POWER POINT, mural,...) cos datos obtidos.



Clara Campoamor



Victoria Kent

## ACTIVIDADES

- El grupo clase visionará a película "¿E agora onde imos?"
- Crearanse pequenos grupos de cinco ou seis persoas (mellor se son mixtos) y comentarán que lles pareceu a película e cal é a súa temática principal.
- Ler o artigo que se atopa no seguinte enlace <http://blog.cristianismejusticia.net/?p=10104> (Pódese dar impreso). Nel se fala sobre a película e súa directora, o contexto cultural e histórico, a importancia das mulleres na película...
- Responder ás preguntas do Anexo 1.
- E para finalizar, farase un debate sobre a temática xerada polo filme: as mulleres e a paz, o empoderamento das mulleres, a resiliencia, os roles de xénero...

## ANEXO 1

Filme: "¿Y ahora adónde vamos?" de Nadine Labaki

Sinopse: Na desértica senda que conduce da vila ao cemiterio da mesma, un grande grupo de mulleres, todas elas de luto, aguantan o insoporable calor aferrándose ás fotografías dos familiares que perderon. Distintas unhas de outras, todas comparten a dor das consecuencias dunha guerra que non lev a ningures. Unha vez no cemiterio, sepáranse dependendo das crenzas relixiosas: por un lado os musulmáns e polo outro, os cristiáns. Ambientada nun país devastado pola guerra, a película 'E agora onde imos?' narra a dura vida destas mulleres. Mulleres dunha grande fortaleza, unidas pola traxedia e que teñen un mesmo obxectivo: protexer aos seus nun mundo que se derruba e que necesita dun pouco de sentido común para que volva a reinar a paz. Unha película que se alza como una reivindicación da muller árabe, onde na se mesturan as coreografías musicais e a comedia costumista.

1. Despois de terdes visto a película e lido o artigo adxunto, traballade en grupo sobre os seguintes feitos e tomade nota nos vosos cadernos:

### EMPODERAMENTO DA MULLER:

- Busca nun dicionario o significado de empoderamento.
- Durante a película prodúcense momentos de empoderamento da/s muller/es? Poñede exemplos.

### A RESILIENCIA:

- Busca nun dicionario o significado de resiliencia.
- Durante a película prodúcense momentos nos que a/s muller/es demostran a súa resiliencia? Poñede exemplos.

### A MULLER NOS PROCESOS DE PAZ:

- Na historia, temos moitos exemplos de mulleres que loitaron pola paz e incluso deron a súa vida por ela: Indira Gandhi, Aung San Suu Kyi, Anna Politkovskaya Jane Addams...
- Buscade información sobre algunha delas (ou sobre outra muller que traballase pola paz da que teñades coñecemento): vida, dedicación, loitas, logros... e realizade un mural con esa información e con imaxes.

